UNHA PROPOSTA DE MATERIAIS DIDÁCTICOS NO CONCELLO DAS PONTES

Mª Montserrat Castro Rodríguez
Jesús Rodríguez Rodríguez
Universidade de Santiago de Compostela

"Os nenos de hoxe non reaccionan coma os nenos de hai 20 anos nin de hai 10 anos O traballo escolar non lles interesa porque non se inscribe xa no seu mundo Entón, inconscientemente, só lle prestan unha porción mínima do seu interese e da súa vida, e todo o demais resérvano para o que consideran a verdadeira cultura e a verdadeira alegría de vivir" (Freinet, 1980)

INTRODUCCIÓN

No actual proceso de implantación da Reforma do Sistema Educativo están a poñerse en práctica un conxunto de medidas que pretenden facilitar e optimiza-lo labor educativo cotiá, onde o alumno se constitúa no verdadeiro protagonista dos procesos de ensino-aprendizaxe. Neste contexto, o *Deseño Curricular Base* (DCB), principal instrumento "guía" da devandita práctica, axuda a artellar gran parte das decisións curriculares que se toman, facendo explícitas un conxunto de suxerencias metodolóxicas, estratexias que se deben empregar, etc.

As características que peculiarizan a citada reforma poden ser unha maior atención á diversidade, que debe responder ás necesidades dos diversos centros, profesores e alumnos, e as consideracións sobre a interdisciplinariedade, globalidade, adaptabilidade curricular, significatividade... Estas perspectivas son froito dunha nova visión do contorno, onde o concepto de sociedade se amplía e diversifica e a interacción das múltiples variables que inciden nos procesos que ocorren nela dan lugar a novas realidades, que non sempre se poden encadrar dentro de patróns sociais tradicionalmente válidos.

"O mundo no que nos toca vivir é xa un mundo global no que todo está relacionado tanto nacional coma internacionalmente, un mundo no que as dimensións financieiras, culturais, políticas, ambientais, científicas, etc son interdependentes, e onde ningún de tales aspectos pode ser adecuadamente comprendido á marxe dos demais (Torres Santomé, 1989)

Todo este conxunto de cuestións esixe no traballo cotián o desenvolvemento dun maior número de actividades e contidos que hai que tratar,

maior cantidade de proxectos que hai que deseñar, unha ampliación da oferta dos centros educativos, etc. Estes aspectos dan lugar, en ocasións, a que o horario dos profesores se atope saturado de novas competencias e responsabilidades: coordinación, programación ...; ademais, existe unha necesidade profesional de se converter nun investigador, polo que é preciso actuar cun maior número de variables. Tales funcións fan que o traballo do profesor se teña que estender máis aló da propia aula, e deba coñecer e analiza-la realidade na que está inmersa, co fin de que esta sexa obxecto de estudio e reflexión para o alumnado nos procesos de ensino-aprendizaxe que teñen lugar no propio contexto.

Como consecuencia de todo isto, cada día son máis abundantes o número de propostas didácticas que aparecen tentando responder ás novas situacións, o que se pode xustificar polo seguinte:

- Conveniencia de adaptarse ás novas esixencias/prescripcións curriculares.

- Influídos polas numerosas tarefas que os profesores teñen que realizar, estes "demandan" recursos que os axuden a estructura-la súa práctica ou exemplos de proxectos, experiencias... postos en práctica noutras realidades.

- O proceso educativo comeza a se estender máis aló das propias aulas, e inclúense neste "proceso" outras institucións, tanto do ámbito formal coma do non formal, que comezan a ver nos centros educativos, na educación dos seus cidadáns e na súa propia implicación, un xeito de contribuír á mellora da súa calidade de vida. Precísase entón dalgún instrumento que facilite a articulación deste conxunto de perspectivas dentro da mesma realidade social.

No medio deste contexto, os materiais didácticos son instrumentos que pretenden facilita-lo labor do profesorado, porque "dosifican" e "estructuran" os contidos que se deben traballar; aínda que, por outra parte, debido á súa propia limitación, poidan amosar perspectivas máis ou menos axeitadas da realidade que pretenden estudiar. Este problema pódese eliminar na medida en que se diversifiquen e pluralicen as metodoloxías e os recursos empregados, e se teña en conta que no propio contexto existen importantes fontes de información que exercitan unha función educativa e comunicativa fundamental na sociedade moderna, que se debe ter presente nos procesos de ensino-aprendizaxe desenvolvidos nas aulas. A este respecto, coidamos que pode ser significativa a seguinte cita de Gimeno (1989, 179):

> Sería absurdo que o profesor tivera que se-la fonte das distintas informacións que se poden utilizar e son necesarias para desenvolve-lo currículum nas diversas áreas ou disciplinas, ou nunha máis ca noutras, precisa-

mente nun mundo no que os medios de comunicar información e experiencia por canles variadas se estenderon enormemente".

Presentamos a continuación o resumo dun conxunto de materiais didácticos que forman parte dun proxecto de intervención pedagóxica, os cales se constitúen nos principais instrumentos empregados para a xestión dos procesos de dinamización cultural dun concello, onde centros, profesores, alumnos, institucións, asociacións ..., participan conxuntamente na realización dun número considerable de actividades coa finalidade de contribuir ó coñecemento, preservación, fornecemento e difusión da cultura dun pobo.

Localización

Este plan de traballo contextualízase no Concello das Pontes de García Rodríguez (A Coruña), destinado tanto ó ámbito formal coma ó non formal, e mesmamente informal.

Obxectivos

O obxectivo dos diferentes materiais é contribuír ó coñecemento da vida pasada e presente dunha realidade galega, e supoñen un "instrumento" de reflexión sobre o conxunto do proceso social desenvolvido no Concello, no que ó longo da historia aconteceu unha serie de cambios a partir dos que emerxeron novos valores e hábitos que identifican esta sociedade, os que convén que sexan coñecidos e respectados polos propios habitantes da vila e polo conxunto da sociedade.

Pretendemos, así mesmo, que o "curso" da citada transformación da sociedade poida ser captado e comprendido, a través deste conxunto de medios, polos propios ponteses e por outros.

No seguinte esquema pódese percibir cal é o sentido que lles concedemos ós recursos na implementación do citado proxecto.



Elaboración propia

¿Por que a realización deste traballo nas Pontes de García Rodríguez?

O forte crecemento do Concello e, en especial, da vila, trala instalación da macroindustria e dun importante tecido industrial de pequena e mediana dimensión, orixinou a configuración dunha "nova" realidade social. Como consecuencia disto, parte dos sinais de identidade perdéronse ou quedaron arquivados no olvido do tempo, como é o caso da cultura popular, tradición oral, agro, oficios, festexos, vestixios..., que, pola contra, deberían ter un papel preponderante, en canto que contribúen ó enriquecemento do presente actual, e constitúen os piares para a "construcción" do presente e do futuro, nos que o individuo e a sociedade deben ser verdadeiros partícipes, dinamizadores e conscientes "conformadores" da súa propia identidade.

Outra das características que peculiarizaba este municipio é o mosaico de culturas que conviven, que convén que sexan recoñecidas e aproveitadas con fins educativos.

Estamos ante un contexto social onde se xeraron e se están a xerar novos valores e vivencias, os cales se constitúen nun novo potencial de saberes, que debe incluírse e empregarse nos procesos de ensino-aprendizaxe que teñen lugar na aula.



(Fonte M M Castro Rodríguez, R Ramos Fernández e J Rodríguez Rodríguez, 1996)



Elaboración propia

O pasado e o presente na vila das Pontes interaccionan dando lugar a un tipo característico de comunidade e individuo (aínda que moitas veces ese pasado pode ser esquecido e non valorado na súa xusta medida). O coñecemento destas (explícitas ou implícitas) señas de identidade ha de permitir recupera-lo noso pasado, coñece-lo noso presente e orienta-las nosas liñas de acción, todo isto cara un modelo de sociedade caracterizado polo seu crecemento sostido.

No seguinte cadro podemos percibir dun xeito esquematizado o papel dos recursos no conxunto do ecosistema:



Elaboración propia

A gran cantidade de recursos existentes no municipio, leva consigo que moitos deles se poidan constituír en importantes instrumentos ó servicio da educación, ó seren "artellados" a través de diferentes materiais didácticos, que cun proceso de adaptación, interpretación, etc., han de poder ser empregados axeitadamente no interior dos diferentes centros, e deben ser despois adaptados ás particularidades de cada aula e ás necesidades dos profesores e alumnos.

Este material foi elaborado por un equipo interdisciplinar, co apoio, por un lado, do conxunto das institucións do municipio e, por outro, co dun grupo de persoas de diferentes áreas, que lle deron estructura e funcionalidade á investigación.

O conxunto do material vén desempeñar unha función de estructuración e articulación da realidade, e supón unha "selección" dos recursos máis importantes para a comprensión desta, facilita ó alumno o acceso ó coñecemento máis inmediato e sintetiza a "cultura" do contorno.

Todo isto, coa finalidade de provocar un maior dinamismo cultural e a identificación dos diferentes sinais de identidade dun pobo.

Cómpre salienta-lo feito de que o material elaborado non pretende converte-lo profesor nun mero aplicador deste, senón que pretende constituírse nun instrumento máis ó seu servicio, para facilitarlle dalgún xeito as súas tarefas. Nesta liña, os instrumentos elaborados pódense considerar desde diversos puntos de vista, e converterse nun dos principais recursos dos profesores, nun complemento, ou simplemente nun exemplo co que comparar outras propostas.

Así mesmo, é mester face-las seguintes consideracións referidas ó deseño e estructuración dos materiais:

- A organización do traballo por núcleos permite a utilización dos devanditos materiais en momentos concretos, segundo as necesidades.

- O material elaborado serve para o desenvolvemento dunha proposta grupal e interdisciplinar; con el os distintos profesores dun centro poderían programar e realizar tarefas conxuntamente.

- A totalidade do traballo pretende favorecer unha interacción constante entre profesor-alumno e medio. Nesta liña, son constantes as actividades que suxiren: visitas a institucións, falar con determinadas persoas, etc.

- O traballo realizado preséntase como unha proposta aberta na que teñen cabida tanto os sectores formais coma os non formais, e establécese unha cooperación entre os dous ámbi-

tos. Coidamos favorecer unha especie de "osmose" entre os centros e a comunidade, facilitando a través das propostas a entrada nas aulas ós pais, responsables, etc.

- Unha función moi importante que lle concedemos ó noso labor é a de poder constituírse nun elemento dinamizador da diferente información e documentación existente no concello. Moita da nova información xerada pasa a formar parte dos andeis, e non volve ser empregada máis ca en circunstancias concretas. Nós, despois de revisar esa documentación formulámoslle ó alumno actividades para que busque nela información. Deste xeito, os nosos materiais son unha especie de "reactivador" da cultura existente, que non é coñecida ou permanece almacenada.

En calquera caso, coidamos que a nosa proposta pode ser útil, e está pensada para que o alumno poida aprender:

Por	A actividade manipulativa. A visión. Audición. Intuición. Comunicación.	En	Libro de consulta. Libro de texto Cadernos de lectura. Guía de traballo. Gravacións sonoras. Unidades didácticas articuladas Materias plásticas. Viaxes ou saídas. Relación cos colegas	De	Editoriais. Profesores. Colegas. Comunidade. Especialistas. Programas... entre outros.

D Neira García, (1992) "Elaboración del material para un enfoque globalizado de la enseñanza desde la observación e investigación en el aula", *Bordon*, 44, 311-319

DESCRICIÓN DO MATERIAL

Recursos empregados para a elaboración do material

Unha das fases máis longas do traballo foi a recompilación da información. Esta dificultade xurdiu pola amplitude do traballo, a dispersión da información, o manexo de documentación non sempre facilmente accesible, a antigüidade da documentación, etc.

As canles de busca de información foron moi variadas, entre as que citamos: contactos con institucións, visitas ós lugares de interese, realización de entrevistas, elaboración de diapositivas, etc.

Fases

As fases na elaboración do traballo foron as seguintes:

- Manexo de abundante bibliografía.

- Entrevistas a profesores e especialistas en diferentes campos.

- Contactos coas institucións: Xunta de Galicia , Concello, Arquivo do Antigo Reino de Galicia, Instituto Nacional de Estatística, etc.

- Contacto con persoal interesado en formar parte do proxecto (químicos, enxeñeiros, debuxantes, arquiveiros, etc.).

- Entrevista a diversos informantes clave (curas, alcaldes, concellais, persoas maiores, etc.).

- Visitas a diferentes lugares clave, necesarias tanto para a realización do diverso material coma para a elaboración e deseño do itinerario.

- Elaboración de fotografías, diapositivas, etc.

Obxectivos

Tal como puxemos de manifesto ó comezo do artigo, o programa e o conxunto de materiais elaborados áchanse fundamentados nos principios da reforma educativa.

Algúns dos principais obxectivos formulados son os seguintes:

- Recuperación do herdo cultural dun xeito activo e participativo.

- Coñecemento, valoración e conservación das diversas manifestacións culturais existentes.

- Identificación, distinción e valoración das diversas circunstancias causais e persoais que interviñeron na evolución da historia da vila.

- Percepción dos efectos do avance tecnolóxico e as súas repercusións sobre o equilibrio ecolóxico, a calidade de vida e a relación cos factores sociais e políticos.

- Coñecemento do influxo da tecnoloxía nós ámbitos da saúde, calidade de vida e desenvolvemento tecnolóxico.

- Coñecemento e valoración da existencia doutras culturas, identificando os trazos e sinais de identidade propios.

- Comparación das distintas culturas.

Destinatarios

A proposta de intervención a través dos materiais elaborados pretende ser útil tanto para os sectores vencellados ó ámbito formal coma para os vencellados ó non formal ou informal, sendo algúns dos seus potenciais destinatarios os seguintes:

FORMAL	NON FORMAL E INFORMAL
Colexios. Colexio A Fraga. Colexio Endesa. C.P. Comarcal A Magdalena. Colexio de EXB A Magdalena. Colexio de EXB Nebrija. Colexio Nacional Sta. María. C.P. de EXB Montecaxado. ***Unitarias.*** Unitaria das Campeiras. Unitaria de Campo Ribadeume. Unitaria de Espiñaredo. Unitaria de Goente. Unitaria de Saa Cruce. ***Institutos:*** I. de BUP Castelao. I. de BUP Pardo Bazán. I. de FP	Asociacións do Concello. Casa de Cultura. Equipo psicopedagóxico, Arquivo Histórico, Obradoiro de imaxe e son, Emisoras de radio e televisión....

MATERIAIS: SÍNTESE DOS SEUS CONTIDOS

1. Material de contextualización

Un Concello na procura da súa identidade histórica. Elementos pedagóxicos para a súa identificación.

Este material constituíuse nun material de consulta para os seguintes destinatarios:

- Os profesores e alumnos.

-Calquera persoa que desexe coñecer con certa profundidade aspectos relacionados coa historia, xeografía, demografía, situación medioambiental, coñecemento da industria, etc., das Pontes.

Os apartados que compoñen esta parte do material son os seguintes:

**Características físicas do lugar:* - Características xeomórficas - O relevo. - Climatoloxía. - Edafoloxía. **Historia das Pontes* **Evolución Histórica, Socioeconómica e Demográfica do Concello no s. XX.* - 1900-1940 - 1950-1990	**Características da actualidade.* - Sectores socioeconómicos: Agropecuario, Industrial e de Servicios. - Situación medioambiental do Concello. - Realidade sociocultural e educativa. - O asociacionismo. - Condicións de vida e benestar social. - Etc. *Complexo mineroeléctrico das Pontes. - Descrición e análise. - Funcionamento. - Influxo da sociedade.

2. Material para o profesorado e o alumnado

Un exemplo de desenvolvemento socioeconómico e industrial.

Medios e recursos para unha intervención socioeducativa no municipio.

2.1. Material para o alumnado

No material para traballar co alumno aparece un número considerable de actividades. Xunto a elas aparece unha serie de suxerencias, que pretendemos facilite a utilización do material.

A través destes materiais, os rapaces e profesores poderán traballar dun xeito interdisciplinar e multidisciplinar as diversas materias. As actividades serán as seguintes:

a-Actividades de iniciación e contextualización.

b-Actividades de desenvolvemento da unidade.

Os temas tratados son estes:

Xeografía e natureza

Neste bloque de actividades pretendemos que profesor e alumno poidan percibi-los trazos que caracterizan o pobo das Pontes, e se decaten das relacións entre medio social e medio natural.

Neste apartado aparecen actividades sobre a situación xeográfica do municipio, o seu relevo, os varios ríos que pasan polas Pontes, traballos con maquetas, sobre o clima, a flora e a fauna; sobre xeoloxía e edafoloxía; sobre xeografía humana, etc.

Evolución histórica, socioeconómica e demográfica:

Seguindo un percorrido cronolóxico, aparecen actividades referidas á historia das Pontes: os monumentos megalíticos, os castros, os celtas e o celtismo, os romanos, os mouros ...; e aproximándonos xa máis ó noso presente, outro grupo de actividades fai referencia á emigración no s. XX. No "módulo" dedicado á evolución socioeconómica das Pontes nos últimos anos, recóllese unha proposta para o estudio da sociedade, da súa economía, etc.

Para poder elaborar esta parte do traballo, recomendámo-lo manexo de diversas fontes bibliográficas. O profesor será o guía e coordinador das diversas "reflexións" individuais e colectivas. A través do manexo da diversa bibliografía, pretendemos que os alumnos coñezan os diferentes posicionamentos existentes; e trala súa interpretación e comparación da bibliografía, establecerase un conxunto de opinións e valoracións propias e xustificadas.

Así mesmo, pretendemos fomenta-los procesos de retrospección coa intención de que os alumnos comprendan a sociedade de cada momento.

Cultura e tradición

Pretendemos que as tarefas que se realicen neste ámbito se fundamenten nunha perspectiva interxeracional, para que os pais, fillos e avós leven a cabo un intercambio de experiencias e ideas, e se asenten deste xeito as bases dunha identidade cultural e contextualizada.

Dada a variedade de tradicións e festas existentes neste concello, deseñamos un conxunto importante de actividades referidas a este ámbito. Algunhas delas son: A feira do Grelo, a festa dos cogumelos, a festa do Carme, as diferentes festas do ano (festas de Nadal, o entroido...) a tradición oral, as cantigas, as lendas, os instrumentos de música galegos, a emigración e cultura, os oficios (alfaremes, zoqueiros, cesteiros, ferreiros, canteiros, coireiros), as crenzas e tradicións no concello das Pontes, etc.

As construccións típicas da zona aparecen, así mesmo, tratadas neste traballo: o horreo, a vivenda antiga, o muíño de Alende, etc.

Complexo Mineiro-eléctrico.

A través deste apartado, preténdese que os alumnos poidan coñece-lo funcionamento e estructura do complexo mineiro-eléctrico das Pontes de García Rodríguez.

Pretendemos, así mesmo, que os alumnos poidan relacionar tales procesos de desenvolvemento industrial coas diferentes manifestacións sociais, culturais, etc., existentes no pobo.

Dentro deste bloque de actividades os alumnos traballarán aspectos relativos a Partes da Central (Mina, central térmica, escombreira), evolución histórica da central, producción e beneficios, persoal e material, influencia da central no pobo, etc.

Actividades de avaliación:

A través dalgunhas suxerencias, o alumno irase decatando dos coñecementos adquiridos ó longo do proceso educativo, e poderá completa-la súa formación con outras actividades ou medios deste traballo (itinerario, diapositivas, fotografías, vídeo) ou ben a través doutros traballos que se consideren oportunos.

2.2-Material para o Profesorado:

Neste apartado recóllese un conxunto de indicacións e suxerencias para unha utilización óptima do material. Realízanse recomendacións sobre a súa forma de emprego, temporalización das actividades, alternativas de traballo, etc.



Elaboración propia

Itinerario

Un percorrido pola historia da vila das Pontes.

Mediante a percepción directa do medio e as orientacións que aparecen ó longo dos materiais pedagóxicos, pretendemos que os procesos de comprensión da realidade se vexan facilitados. Nesta situación, os procesos de aprendizaxe que teñen lugar durante o percorrido resultan máis doados ó realizárense no propio medio. O alumno, principal protagonista do proceso, atópase entón descubríndoo por si mesmo, guiado pola propia realidade e polas suxerencias do profesor.

Obxectivos

- Proporcionar ós profesores un instrumento e orientacións para o desenvolvemento dunha práctica educativa activa.

- Servir de utilidade ó alumno para coñecer e interpreta-lo contorno.

-Fomentar unha actitude crítica da realidade que están a vivir.

O itinerario está destinado fundamentalmente para aqueles que desexen unha visión xeral do pobo, sen aborda-los temas con tanta profundidade coma no traballo da aula.

Para cada un dos lugares de visita elaborouse un informe de actividades e un conxunto de explicacións teóricas que permiten ós profesores e alumnos comprender doadamente o visto na ruta.

O percorrido deseñado é o seguinte:

Primeiramente realizarase unha visita á central térmica de ENDESA, momento en que os alumnos poden percibi-las causas orixinarias do desenvolvemento industrial do pobo. Despois dirixiranse á "Zona Vella", na que observarán diversas manifestacións do pasado e o influxo que sobre elas creou a dita dinamización. Posteriormente, e tras atravesa-lo centro do pobo, dirixiranse ós Poboados onde se atopan as manifestacións industriais máis recentes.

Tamén se visitara a casa do Concello da Vila, na que os alumnos poderán coñece-los órganos de xestión de carácter local.

A través desa distribución do percorrido pretendemos que os alumnos vaian familiarizándose co contexto sociocultural, e poidan coñece-lo antigo e as diversas manifestacións modernas existentes.

Durante o percorrido, os alumnos poderán observar, entre outras realidades, as variadas manifestacións culturais existentes no concello. Entre as máis destacadas, cómpre salienta-las que se poden percibir a través do itinerario polas "diferentes pontes".

Material Audiovisual

O material elaborado componse de:

Diapositivas:

As 120 diapositivas están estructuradas por temas diferentes. Nelas, amósanse os diversos aspectos e manifestacións culturais, naturais e económicas do lugar.

Vídeo, "Achégate ás Pontes":

O seu contido e estructuración pode resumirse no seguinte parágrafo:

"Unha rapaza atópase abraiada ante a cantidade de recursos e manifestacións culturais existentes; ante a perplexidade e confusión que lle crea o contorno, comeza a solicitar información ás persoas coas que se atopa. Despois decide ir ó Arquivo Histórico, onde se lle poida aclarar todo ese conxunto de cuestións.

Cos libros existentes no arquivo e a información proporcionada polo seu responsable, vai ir descifrando as peculiaridades da cultura e sociedade pontesa, coñecendo aspectos tales como a súa historia, as características xeográficas e físicas, as causas da emigración, o desenvolvemento industrial, os monumentos máis representativos, etc. Ó remate, pódense percibi-las diversas mostras de folclore típicas do lugar, que ocupan un papel importante na "configuración" das señas de identidade peculiares".

Metodoloxía

Coa implementación deste programa pretendemos que os participantes desenvolvan uns procesos de ensino-aprendizaxe dun xeito activo e participativo.

A interacción co medio e o traballo en grupo son dous elementos claves para a realización das actividades propostas. Pretendemos que as persoas implicadas se sintan coma verdadeiros protagonistas e "ideólogos" das tomas de decisións e iniciativas que se leven a cabo, polo que a "negociación" e o diálogo resultarán fundamentais. Por tanto, optamos por un proceso comunicativo interpersoal que busca a implicación efectiva e significativa dos participantes.

Avaliación

Coidamos que a avaliación que hai que desenvolver na posta en práctica do proxecto a través de materiais didácticos deberá ser realizada por cada unha das persoas, institucións, etc., que participan na experiencia.

A aportación de cada un dos compoñentes axudará a realizar unha avaliación "global", que, tralas análises e tomas de decisións oportunas, reverte-

rá novamente en cada un dos integrantes do proceso, dando lugar a novas propostas ou modificacións do proxecto.



Elaboración propia

Coidamos que a avaliación ha de ser continua durante o proceso de planificación e de implementación do programa, sendo as fases e a función delas as amosadas moi sinteticamente no seguinte cadro:

Inicial: Antes de comezar a utiliza-los materiais cómpre coñece-la situación inicial: experiencias do alumnado, formación, expectativas, etc., das persoas que se van implicar no desenvolvemento do proxecto, recursos cos que se conta, etc.
Continua: Realizarase durante o proceso de implementación do proxecto, e permitirá realiza-las modificacións e estructuracións oportunas do traballo.
Final: A través desta fase da avaliación constataremos en qué medida os obxectivos propostos foron alcanzados, o que nos permitirá clarifica-las posibles vías de intervención.

Para a realización da avaliación propoñemos un conxunto de actividades que a xeito orientativo poden guiala procesos de avaliación dos profesores.

Valoracións finais

Despois de concluída a fase de elaboración deste traballo somos conscientes da existencia dunha serie de eivas; nalgúns casos debidas ó propio equipo

investigador; outras, alleas ós nosos desexos, tales como a falta de recursos, a propia distancia ó Concello no que se elaboraban estes materiais; a falta de profesionais da zona que participasen no desenvolvemento dalgunhas partes do traballo; a coincidencia no desenvolvemento da primeira fase do traballo coa nosa época de estudiantes; a dificultade e amplitude dos temas abordados; as complicacións á hora de elaborar un proxecto interdisciplinar e multidisciplinar, que á vez fora aplicable ó ámbito formal e ó non formal, etc. Cómpre así mesmo menciona-lo risco que supón o feito de estar case catro anos a traballar "sobre" unha realidade e un tema determinado nun contexto como é o das Pontes de García Rodríguez, onde o dinamismo é unha característica fundamental, pois son posibles cambios notables nese período.

Para finalizar, cómpre dicir e salientar que a nosa proposta non pretende condicionar en ningún sentido as prácticas dos profesores nas súas aulas nin a de ninguén que pretenda achegarse ou coñece-la realidade na que nós estivemos investigando; tan só pretende dar uns instrumentos que faciliten o coñecemento e a interpretación das dinámicas socioestructurais e naturais que teñan lugar no contexto estudiado ou noutros no que puidera ser aplicado.

Coidamos oportuno finalizar este traballo mencionando unhas verbas de Freinet, que poden axudar a compren-de-lo sentido e o sentimento do noso traballo:

> "Nós podemos intentar tamén a modernización dos instrumentos escolares, a mellora das súas técnicas, para mudar progresivamente as relacións entre a Escola e a Vida, entre os nenos e os mestres, para adaptar ou readapta-la escola ó medio, para un mellor rendemento das nosas forzas comúns" (Freinet, 1980)

BIBLIOGRAFÍA:

Freig, B , Wanderly F Da Costa e V Motta (1993) *O livro didático em Questao,* Sao Paulo, Cortez Editora

Freinet, C (1980) *Técnicas Freinet en la Escuela Moderna*, Madrid, S XXI

Gimeno Sacristán, J (1989) "Proyectos curriculares ¿Posibilidad al alcance de los profesores?", *Cuadernos de Pedagogía*, 172, 14-18

Gimeno Sacristán, J (1989) *El Curriculum una reflexión sobre la práctica,* Madrid, Morata

Martínez Bonafé, J (1991) "El cambio profesional mediante los materiales", *Cuadernos de Pedagogía*, 189, 61-64

—— (1992) "Siete cuestiones y una propuesta", *Cuadernos de Pedagogía,* 203, 8-13

Neira García, D (1992) "Elaboración del material para un enfoque globalizado de la enseñanza desde la observación e investigación en el aula", *Bordon,* 44, 311-319

Torres Santomé, J (1989) "El curriculum globalizado o integrado y la enseñanza reflexiva", *Cuadernos de Pedagogía,* 172, 8-13